

DÍA DA
CONSTITUCIÓN E DO
ESTATUTO GALEGO
1-11 DECEMBRO



Fernando Flores

"As persoas construímos demasiados balados e non pontes dabondo."

Isaac Newton



DÍA DA CONSTITUCIÓN E DO ESTATUTO GALEGO



Para comezar...comezar...



- Os estados non sempre tiveron o mesmo tipo de réxime político. En España que réxime político había antes da constitución que temos?
- Que é unha constitución?
- Dende cando a temos?
- Sabes a relación que hai entre constitución e democracia?
- Cres que é necesaria a constitución?
- Sabes se houbo algunha antes desta?
- Relaciona lingua e estado. Pode haber linguas sen estado?



POWER POINT:

A Constitución



O ordenamento xurídico dunha democracia é un conxunto de normas ordenadas **xerarquicamente**. A norma suprema é a **Constitución**. Por debaixo dela están as leis máis xerais e de maior rango, despois virían leis menos xerais (O Código Penal, por exemplo) e leis específicas que regulan amplos aspectos da vida social. Por debaixo destas leis atopámonos con disposicións normativas aínda máis concretas como os decretos e os regulamentos.

CUESTIÓNS

- Cal é a norma que preside o ordenamento xurídico dun país?
- Por que cres que variaron tanto as Constitucións que houbo en España? Cal che parece que é o valor principal da Constitución actual para permanecer moito tempo?
- Ordena de maior a menor rango as seguintes disposicións normativas: unha lei de educación da túa comunidade, unha lei orgánica de educación, o regulamento interior do teu centro, a Constitución.

Preámbulo da Constitución

“A Nación española, desexando establecer a xustiza, a liberdade e a seguridade e promover o ben de cantos a integran, en uso da súa soberanía, proclama a súa vontade de:

Garantir a convivencia democrática dentro da Constitución e das leis conforme a unha orde económica e social xusto.

Consolidar un Estado de Dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular.

Protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións.

Promover o progreso da cultura e da economía para asegurar a todos unha digna calidade de vida.

Establecer unha sociedade democrática avanzada, e

Colaborar no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da Terra”.

- Ler o preámbulo e despois, por grupos, facer unha lista cos valores democráticos nos que se asenta.
- Cal che parece que se cumpren integramente e cales aínda non. Por que?
- Explica o que quere dicir “protexer as culturas, linguas e institucións dos pobos españois”.



Vídeo: Nasija

<http://www.youtube.com/watch?v=velP7GBa100>



TRABALLO COA IMAXE

- De que fala este póster de Amnistía Internacional ?
- Na nosa Constitución cabe a pena de morte?
- Sabes de países que aínda a teñan vivente? Cales?
- Ata cando houbo pena de morte en España?
- Busca datos sobre as últimas persoas executadas e as razóns polas que o estado acabou coa súa vida. Sabes que é a lapidación? Investigade os motivos polos que as mulleres poden sufrila
- Busca argumentos en contra dunha pena tan grave.
- Se tes interés por este tema recomendamos que vexas a película *El verdugo* de Berlanga.

6 DE DECEMBRO, Día da Constitución

A Constitución Española de 1978 é a Carta Magna do pobo español e nela recóllense os seus dereitos e deberes: é a norma máxima do ordenamento xurídico español. O texto constitucional aprobouse en 1978 tras a morte do ditador Franco e durante a transición democrática. A Constitución consta de 169 artigos que definen a natureza e dimensión dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas, o modelo socioeconómico que debe servir para a creación e distribución da riqueza, o modelo de Estado (monarquía ou república) e a organización territorial (o respecto á pluralidade de nacionalidades e rexións e a súa consecuente diversidade cultural e lingüística).

Para conseguir levar a bo porto o proceso constitucional era necesario un pacto de todas as forzas políticas, para iso creouse unha comisión encargada de elaborar unha nova Constitución. Formárona os chamados “Pais da Constitución”. Un grupo formado por representantes de todas as opcións políticas que se encargou de redactar o texto: Jordi Solé Tura (grupo Comunista), Miquel Roca (Minoría Catalá), José Pedro Pérez-Llorca (Unión de Centro Democrático), Gregorio Peces Barba (Grupo Socialista), Miguel Herreiro Rodríguez de Miñón (Unión de Centro Democrático), Manuel Fraga Iribarne (Alianza Popular) e Gabriel Cisneros (Unión de Centro Democrático).

Para que a Constitución fose válida, o pobo español debía ser consultado. O referendo tivo lugar o 6 de decembro de 1978 e a Constitución foi aprobada. Desde entón, **cada 6 de decembro é festa nacional para celebrar o “Día da Constitución”**, xa que foi o día no que a poboación decidiu que esa era a lei máxima pola que se rexería.

A Constitución de 1978 foi modificada soamente unha vez para cumprir co Tratado de Maastrich e permitir que España entrase a formar parte da Unión Europea.

A reforma da Carta Magna é un tema de debate constante pois nela existen algúns puntos que poderían sufrir unha próxima modificación. Exemplo diso é o tema da sucesión ao trono de España. Desde moitos sectores da sociedade reclámase unha modificación, pois a Constitución antepón os dereitos dinásticos dos homes, aínda que a primoxénita sexa unha muller.



Vídeo: *El referendun constitucional*

<http://www.youtube.com/watch?v=lku0Ka8JTKo>



Dous artigos da Constitución

Artigo 14

Os españois son **iguais** ante a Lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, **sexo**, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 57

A Coroa de España é hereditaria nos sucesores de S. M. Don Juan Carlos I de Borbón, lexítimo herdeiro da dinastía histórica. A sucesión no trono seguirá a orde regular de primoxenitura e representación, sendo preferida sempre a liña anterior ás posteriores; na mesma liña, o grao máis próximo ao máis remoto; no mesmo grao, **o home á muller**, e no mesmo sexo, a persoa de máis idade á de menos.



CUESTIÓNS

- Que contradicións atopas entre os artigos anteriores?
- Contra que principio enumerado no preámbulo vai o artigo 57?
- Paréceche que habería que modificar este artigo? Por que?
- A forma política actual do Estado español é a monarquía parlamentaria. Averigua que outras posibilidades habería de estado.
- Cal é neste momento a liña sucesoria do rei? Investiga que países teñen raíña

División de poderes

A **ditadura** é unha forma de goberno na cal o poder concéntrase ao redor da figura dun só individuo (ditador), xeralmente a través da consolidación dun goberno de facto, que se caracteriza por unha ausencia de división de poderes, unha propensión a exercitar arbitrariamente o mando en beneficio da minoría que a apoia, a inexistencia de consentimento algún por parte dos gobernados e a imposibilidade de que a través dun procedemento institucionalizado a oposición chegue ao poder.

A **democracia**, pola contra, é unha forma de organización de grupos de persoas, cuxa característica predominante é que a titularidade do poder reside na totalidade dos seus membros, facendo que a toma de decisións responda á vontade colectiva do grupo.

Na democracia dase a **división de poderes**, que é o principio de organización política polo que as distintas tarefas da autoridade pública deben desenvolverse por órganos separados. A división tradicional baseouse na existencia de tres poderes que se xustifican por necesidades funcionais e de mutuo control: **poder legislativo** que lle corresponde ao Parlamento, **poder executivo** que lle corresponde ao Goberno (ministerios e presidencia) e **poder xudicial** que lle atinxe ao sistema de xustiza.

CREA

Cada clase do centro escribe, nunha caixa de tamaño mediano forrada dunha cor rechamante, un artigo da constitución. Despois lévanse á entrada do centro e con todas as caixas se confecciona o "Monumento á Constitución" que adornará o centro na semana da súa conmemoración.



<http://www.futuropasado.com/images/rubikmirror.jpg>




Cubos memoria- Ibarrola

Comunidades Autónomas

A Constitución tratou de resolver un dos problemas históricos do noso país: conciliar a unidade do Estado coa diversidade de rexións e nacionalidades que a compoñen.

Fóronse constituíndo (1979-1983) as 17 actuais Comunidades Autónomas e dúas Cidades Autónomas: Ceuta e Melilla (1995). Cada unha destas comunidades posúe unha Asemblea Lexislativa e un Goberno propio.

A Constitución regula a solidariedade e o equilibrio económico entre as distintas rexións do territorio español.



- Enche o mapa cos nomes das diferentes Comunidades.



Vídeo: Las Comunidades autónomas

<http://www.youtube.com/watch?v=zylbZ1nOX0c>



O Estatuto Galego

Artigo 1

1. Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ao seu autogoberno, de conformidade coa Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.
2. A Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todas as persoas que integran o pobo galego.
3. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan da Constitución, do presente Estatuto e do Pobo.

CUESTIÓNS

- Que quere dicir autogoberno?
- Os símbolos de Galicia son a bandeira o himno e o escudo. Como é a bandeira? Quen escribiu a letra do himno? Quen compuxo a música? Que poderías dicir do escudo?
- O 6 de abril do 1981 apróbase o actual Estatuto de Autonomía de Galicia. Galicia é definida nel como **nacionalidade histórica**. Que quere dicir isto?
- Houbo antes outros Estatutos Galegos? Busca datos sobre eles.
- A manifestación da foto produciuse para reclamar a autonomía. Investiga en que contexto se produciu a aprobación do estatuto galego.



TRABALLO COA IMAXE

Estes carteis foron deseñados para animar a votar no estatuto do 1936 por dous prestixiosos artistas galegos



1936, Deseño de Díaz Valiño

- Por que escollería unha muller?
- Por que leva unha oliveira na man? E a roda na outra?
- Que significan os debuxos do vestido? E o do pano?
- Por que levará os ollos tapados?
- Que pide na lenda escrita?



1936, cartel de Luis Seoane

- Que simboliza o polbo?
- Que significa a lenda escrita do cartel?
- De que ou de quen estaría cautiva?

Establece una comparación entre os dous carteis: obxectivos, tipo de tipografía usada, composición das imaxes, cores...



DÍA DA CONSTITUCIÓN E DO ESTATUTO GALEGO



**Para
saber
algo
máis...**



As institucións



Vídeo: *Parlamento Galego*

<http://www.youtube.com/watch?v=Vm-TeYr7bPg>



- Investiga sobre os poderes e institucións galegas e despois **emparella**:

INSTITUCIÓNS

PARLAMENTO GALEGO

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA DA XUNTA

DEFENSOR/ORA DO POBO

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA

FUNCIÓNS

Preside e dirixe Galicia

Garante que non se cometan inxustizas á cidadanía

Máximo órgano xurisdiccional de Galicia

É o órgano de goberno e administración de Galicia

Encárgase de elaborar e aprobar as leis



Vídeos: Vivamos como galegos

En New York

<http://www.youtube.com/watch?v=Yz5QBLSPZNI>



Polvo á feira

<http://www.youtube.com/watch?v=PwqzWvVNNM8>



O precursor

http://www.youtube.com/watch?v=nQ21s0_Am0M



CUESTIÓNS

- Recordas os *spots* publicitarios “Vivamos como galegos”?
- Onde está a clave do éxito que tiveron?
- Despois de velos escribe un listado das cousas que recordas que che fan sentir orgulloso de ser galego?
- Pon en común co resto da clase o teu listado.

Sabías que...

- Defínese **ciudadán** ou cidadá como o membro dunha comunidade política regulamentada. O contrario de cidadán é o **súbdito**.
- O pobo grego, que inventou a democracia, baseouna en dous conceptos: a **isonomía** ou igualdade ante a lei e a **isegoría** que é a capacidade de debater, a igualdade no uso da palabra.
- O Parlamento Galego componse na actualidade de 75 parlamentarios e parlamentarias: 24 por A Coruña, 15 por Lugo, 14 por Ourense e 22 de Pontevedra.
- Cada catro anos escollemos un novo Parlamento que nos represente.
- Estase a debater o cambio do Estatuto para adaptalo ás condicións de vida actuais. Houbo un intento no ano 2008, pero non se acadou o consenso dos grupos parlamentarios. Outras autonomías revisaron e modernizaron os seus ultimamente.

Dereitos e deberes da cidadanía

- Cal son os dereitos e deberes que nos recoñecen a Constitución e o Estatuto Galego?
- Facer un remuíño de ideas e ir apuntando no encerado da clase en dúas filas dereitos e deberes.
- Unha vez debatido o tema, anotar as conclusións e comparalas cos dereitos e deberes do seguinte cadro:

Dereitos	Deberes
<ul style="list-style-type: none"> • O dereito a prestacións sociais cunha atención especial á nenez e á vellez; ás persoas enfermas, discapacitadas ou dependentes para que poidan gozar dunhas boas condicións de vida. • O dereito a unha educación pública, gratuíta, respectuosa coas crenzas e baseada na atención á diversidade de quen a recibe. • O dereito á protección da saúde e a prestacións dun sistema de saúde público e universal. • O dereito a unha vivenda digna. • O dereito a un traballo digno e á formación para unha profesión. • O dereito ao descanso, ao lecer e ao goce dos bens culturais e patrimoniais e dos recursos naturais. • O dereito á participación nos asuntos públicos e á elección das nosas e os nosos representantes co fin de garantir unha boa administración. 	<ul style="list-style-type: none"> • O deber principal é o respecto a todas as persoas, sexa cal sexa a súa orixe, situación ou tendencia sexual. • A tolerancia e respecto das opinións, ideoloxía e crenzas de cadaquén. • Responsabilidade e solidariedade no uso dos servizos públicos. • Coidado e protección do patrimonio como son os bens histórico-artísticos e os naturais e ambientais. • Aproveitar as oportunidades que se che ofrecen para formarte de cara ao teu futuro. • Pagar impostos que poidan sufragar os gastos necesarios que se teñen que facer nos servizos mencionados nos dereitos.

CUESTIÓNS

- Establece agora unha xerarquía persoal de dereitos e deberes. Númraos empezando polo que che pareza máis importante. Relaciona estes dereitos cos Dereitos Humanos (<http://www.un.org/>)
- Quen foron as sufraxistas?
- Cando se lles recoñeceu ás mulleres en España o seu dereito ao voto?
- Investiga o papel de Clara Campoamor. (Referencia: *"La mujer olvidada. Clara Campoamor y su lucha por el voto femenino"*, (2006) de Isaias la Fuente, Ed. Temas de hoy.

A nosa Constitución é a primeira de Europa que recolle o dereito a recibir unha información "veraz". O que fai necesario algún tipo de control de calidade dos medios de comunicación se queremos que a cidadanía estea informada.

Pascual Serrano

Política e igualdade

“Non hai actualmente ningunha sociedade onde as mulleres dispoñan das mesmas oportunidades cós homes (...) persiste unha pauta xeneralizada de desigualdade entre as mulleres e os homes en canto ao seu acceso á educación, á saúde e á nutrición, e aínda máis na súa participación nas esferas económica e política”.

Fondo de Poboación das Nacións Unidas


CUESTIÓNS

- Investiga o número de ministras que hai no goberno español actual e de conselleiras na Xunta.
- Investiga o número de parlamentarias que hai no Congreso e no Parlamento Galego
- Hai unha proporción equilibrada entre mulleres e homes?
- Como se chama este equilibrio?
- Houbo un ministerio de igualdade. Canto tempo durou? Recibiu duras críticas dende a súa constitución, por qué? Qué pensas da súa supresión?



Vídeo: Las constituyentes

<http://www.youtube.com/watch?v=TYtCR7PX1Vc>



O século das mulleres, do dereito ao voto á democracia paritaria

“... As feministas en España e no mundo atopamos, primeiro, no sistema de cotas o instrumento que permitiu ás mulleres adquirir poder e facernos visibles no espazo público, pois se constatou previamente que a visibilidade social estaba interrompida precisamente porque as súas novas habilidades e posicións non tiñan reflexo nos poderes explícitos e lexítimos.

Comeza así todo un proceso de repaso cuantitativo, de contar cantas mulleres había en todos e cada un dos espazos públicos e de explicarse o porqué do seu escaso número; constátase que existía o que veu en denominarse “teito de cristal” en todas as escalas xerárquicas e en todas as organizacións; un teito que ao ser, precisamente, de cristal é invisible, pero está aí e con el chócanse, unha e outra vez, as mulleres, posto que, a medida que se sobe de nivel estas, con formación equivalente á dos homes, diminúen en presenza.


A democracia paritaria, formulación que se fai máis tarde, constitúe unha evolución lóxica da democracia representativa, é indisoluble desta e un imperativo de xustiza, posto que un pouco máis da metade da poboación somos mulleres. Neste contexto hai que entender o das “listas cremalleira”. Trátase de corrixir o déficit de presenza de mulleres no nivel de representatividade parlamentaria, no lugar no que se adoptan as máis importantes decisións políticas.

As medidas de acción positiva foron obxecto de toda clase de críticas por moi diversos sectores sociais; a maioría delas produto de intereses ideolóxicos ou de poder evidentes; con todo, é bastante indiscutible, ao día de hoxe, que por exemplo, foi o establecemento da cota por parte do PSOE en 1988 o que permitiu o salto na representación das mulleres na vida política, porque mesmo os partidos que estaban e están na súa contra, co PP á cabeza, vense obrigados a incrementar a presenza de mulleres na vida pública, para non quedar atrás e a facer xestos importantes, algúns con certo carácter de “mercadotecnia” electoral, pero foron beneficiosos para a causa das mulleres.

Avogar pola paridade e polos instrumentos que a fagan posible non é defender os dereitos de ningunha minoría, senón os da outra maioría, é dicir, de toda a humanidade; as mulleres non constitúen un grupo, unha comunidade, unha categoría nin unha minoría; hai mulleres en todos e cada un dos grupos ou minorías que consideremos e este carácter mixto é unha dimensión universal da condición humana. Trátase de pór fin a unha exclusión real e certa que as mulleres tiveron na representación política e na vida”.

Amparo Rubiales, parlamentaria PSOE
El País, 22 de agosto de 2002

Grazas as cotas houbo un aumento significativo de representación feminina no poder. Esta gráfica mostra como foi a evolución da presenza das mulleres no Congreso dos Deputados nas oito lexislaturas Podemos comprobar como se produce un aumento significativo da presenza das mulleres a partir da lexislatura 93-96. Non hai que esquecer que no 1988 o PSOE inicia as cotas femininas do 25% , no 1944 aumenta a 33%, por fin no 1997 aprobou a democracia paritaria. O PP, aínda que non é partidario de cotas, foi a remolque do PSOE introducindo un maior número de mulleres nas listas de representación.



Todas as lexislaturas

Legislatura	82-86	86-89	89-93	93-96	96-00	00-04	04-08	08-12
Total deputad@s	392	394	389	407	409	416	399	350
%mulleres	4,57	6,29	12,86	15,71	22	28,29	36	36,29

CUESTIÓN

- No vídeo das constituíntes, *Las Constituyentes*, falan do número de mulleres parlamentarias que houbo na primeira lexislatura. Que opinas do trato que se lles dispensaba?
- A introdución das cotas nas listas, que resultado deu?
- Pareceche que hai que ir á paridade na representación? Por que?
- Que son as listas cremalleira?
- Cres que as "listas cremalleira" poden ser unha boa estratexia para acadar a paridade? Razona a resposta.



DÍA DA CONSTITUCIÓN E DO ESTATUTO GALEGO

Outras propostas de actividades



1 Valores da Constitución e o Estatuto: *A solidariedade*

Obxectivos

- Comprender a necesidade de compartir os recursos do mundo.
- Sensibilizar de cara á integración das minorías do noso país.
- Entender o fenómeno da globalización. Tomar postura fronte a el.
- Acoller aos inmigrantes como nos acolleron a nós no pasado.
- Denunciar o reparto desigual da riqueza como fonte de insolidariedade entre os pobos.

Desenvolvemento

1. A **solidariedade** é moi poliédrica, pode mirarse desde moitos puntos de vista, todos relacionados cos dereitos humanos. A solidariedade abrangue pobos, culturas, Neste videoclip hai unha clara intención de visualizar diferentes partes do mundo, pero podemoslle facer algunha crítica? Cres que respeta a paridade nos artistas?



Vídeoclip: *Stand by me*

<http://www.youtube.com/watch?v=Us-TVg40ExM>

A Constitución e o Estatuto falan a miúdo da necesaria solidariedade entre os pobos. É moi importante remarcar que hai máis cousas que unen aos pobos que as que os separan. Empezar por ler o texto de Saraguro "Papeis para todos":

Papeis para todos

"A identidade dunha persoa non é o nome que ten, o lugar onde naceu, nin a data en que veu ao mundo. A identidade dunha persoa consiste, simplemente, en ser, e o ser non pode ser negado. Presentar un papel que diga como nos chamamos e onde e cando nacemos, é tanto unha obriga legal como unha necesidade social.

Ninguén, verdadeiramente, pode dicir quen é, pero todos temos dereito a poder dicir quen somos para os outros. Para iso serven os papeis de identidade. Negarlle a alguén o dereito a ser recoñecido socialmente é o mesmo que retirarlo da sociedade humana.

Ter un papel para mostrar cando nos pregunten quen somos é o menor dos Dereitos Humanos (porque a identidade social é un dereito primario) aínda que é tamén o máis importante (porque as leis esixen que dese papel dependa a inserción do individuo na sociedade).

A lei está para servir e non para ser servida. Si alguén pide que a súa identidade sexa recoñecida documentalmente, a lei non pode facer outra cousa que non sexa rexistrar ese feito e ratificalo. A lei abusará do seu poder sempre que se comporte como se a persoa que ten diante non existise. Negar un documento é, dalgún xeito, negar o dereito á vida. **Ningún ser humano é humanamente ilegal**, e se, aínda así, hai moitos que de feito o son e legalmente deberían selo, eses son os que explotan, os que


serven dos seus semellantes para medrar en poder e riqueza.

Para os outros, para as vítimas das persecucións políticas ou relixiosas, para os acurrallados pola fame e a miseria, para quen todo lle foi negado, negarlles un papel que lles identifique será a última das humillacións. Xa hai demasiada humillación no mundo, contra ela e a favor da dignidade, papeis para todos, que ningún home ou muller sexa excluído da comunidade humana”.

José Saramago

Carta de apoio á Campaña «Papeis para Todos e Todas. Ningún Ser Humano é ilegal» da Asociación Pro Derechos Humanos de España.

- O pobo galego, no século pasado emigrou polo mundo, especialmente a América (recorda que Bos Aires é primeira cidade galega por número de habitantes) e máis tarde a Europa. Todos temos nas nosas familias algún devanceiro que tivo que emigrar. Agora a situación é a contraria, recibimos xentes doutros países. Investiga sobre a emigración galega, a que países foron, como foron recibidos...
- A continuación reflexiona sobre estas viñetas de Chipola e relaciónas co texto de Saramago:



- Escoitar a canción *Clandestino* de “Manu Chao”.

Vídeoclip: *Clandestino* de Manu Chao

[http://www.youtube.com/
watch?v=5JGTgUqxj9w](http://www.youtube.com/watch?v=5JGTgUqxj9w)



- Este é un recorte de prensa que falaba de solidariedade no ano 1999 antes das grandes inmigracións cara o noso país. Estás de acordo co que di? A día de hoxe os resultados serían os mesmos? Por que?

« Os españois son, tras os nórdicos, os europeos máis solidarios”

España, malia non pertencer ás economías máis boiantes, é o país máis solidario, superada só polos países nórdicos, segundo se desprende da primeira enquisa realizada en 13 países europeos por encargo do Fondo de Poboación da ONU (FNUAP). O 98% dos españois móstranse dispostos a rabuñar algo do seu orzamento para destinalo á axuda exterior e á cooperación.

M.J. Díaz de Tosta, *El País*

6. Le de vagar estes textos que nos levan a pensar que o mundo é “unha aldea global” no que a riqueza está moi mal repartida e ademais, de que a globalidade falándonos de respecto polas diferenzas nos vende uniformidade. Di Naomi Klein (www.es.wikipedia.org/wiki/Naomi_Klein):

«As multinacionais das marcas poden falar moito de diversidade, pero o resultado visible dos seus actos é un exército de adolescentes clónicos que penetran “uniformados”, como din os fabricantes- no centro comercial global. A pesar de adoptar a imaxinaría poliétnica, a globalización comercial non desexa a diversidade; todo o contrario. Os seus inimigos son os costumes nacionais, as marcas locais e os gustos característicos de cada rexión. Uns poucos intereses controlan territorios cada vez máis amplos».

El poder de las marcas
Ed. Paidós. 2002

“Imaxinemos que a poboación da Terra se reduce a unha pequena aldea de 100 habitantes. Como sería esa aldea?

Ver o mundo a esta diminuta escala (ficticia pero máis alcanzable, porque podería ser nosa mazá de casas ou o edificio onde vivimos) é posible que nos sorprenda e nos faga reflexionar.

Si pasásemos dos 6.000 millóns de habitantes estimados actualmente aos 100 da nosa particular aldea atopariámonos con algo parecido a isto:

- Habería 59 de Asia, 13 de África, 12 de Europa, 10 de Latinoamérica, 5 de EUA e 1 persoa de Oceanía.
- 52 serían mulleres e 48 homes.

- Os menores de 18 anos serían 36.
- 77 non serían brancos.
- 72 non serían cristiáns.
- As 6 persoas máis ricas posuirían o 59% da riqueza de toda a aldea e serían, probablemente, cinco norteamericanos e un europeo.
- 80 vivirían en situación de pobreza e 24 sobrevivirían con 1,20 euros ao día. 26 serían incapaces de ler, das que 17 serían mulleres e 9 homes.
- 19 non terían acceso a auga potable e 43 non terían cuarto de baño.
- Unha persoa morrería este ano e un bebé estaría a piques de nacer. Este tería unha esperanza de vida de 65 anos.
- Habería 24 televisores na aldea, nalgunhas vivendas habería 2 e ata 3 aparellos, pero bastante máis da metade dos seus habitantes non tería ningún.
- Só 2 persoas terían educación superior e outra estaría a estudar na universidade.
- Nesta aldea habería 6 computadores.

Texto recollido de UNICEF

7. Responde a este cuestionario contando coa información que recolliches nos textos:
- A quen pensades que poden pertencer os 6 ordenadores do último texto?
 - As persoas que non dispoñen de auga corrente, de que continente

serían?

- Seguro que tes oído falar da globalización e da “aldea global”. Que sabes do fenómeno?
- Cantas multinacionais coñeces? Por que se fala de adolescentes “Clónicos”? Existen marcas que queren controlar o que temos que vestir, comer, viaxar...?
- No primeiro texto Saramago defende “papeis para todos”. Investigade que di a Lei de Estranxería sobre este tema.
- Tes oído falar das ONGs? Cantas coñeces e a que se adican?
- Cres que o pobo español é realmente solidario? Por que?
- Explica esta frase “Un futuro de mestizaxe cultural enriquecerá a todos os pobos de Europa”. Estás de acordo con ela?
- Quen ten que dar resposta aos conflitos que se deriven da presenza de estranxeiros entre nós: os políticos?, as institucións?
- Nós poderíamos facer algo? Que?



Vídeo: The Visitor

<http://www.youtube.com/watch?v=u2lwgNaQ5ps>



Temporalización

4 horas

Modalidade

Individual e grupal

Áreas implicadas

Titoría

CC. SS, historia

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Música: canción “*Clandestino*”.

Lingua galega: *Fomos emigrantes, agora recibimos xentes doutros pobos*.

Ámbito Sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), filosofía e ciencias sociais: *A aldea global*.

Economía: *Diferenzas entre países pobres e ricos*.

Matemáticas: *O PIB dos diferentes países*. Comparar datos.

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Competencia matemática.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

2 Valores da Constitución e o Estatuto: *Laicismo*

Obxectivos

- Entender a relixión como algo privado de cada individuo, que non debe condicionar a vida política.
- Reflexionar sobre a importancia de que os estados se manteñan á marxe das relixións e viceversa.
- Achegar ao alumnado a importancia do papel das relixións nas guerras.
- Aprender a defender dereitos apoiándose na Constitución e o Estatuto Galego.
- Aprender a argumentar.


Desenvolvemento

1. Entre o ano 1478 e o 1833, milleiros de persoas foron detidas en España. Foron torturadas e executadas polas súas crenzas relixiosas. Na película *Los fantasmas de Goya* se ilustran os métodos usados pola Inquisición para sacar confesións



**Vídeo: “La inquisición”,
fragmento da película *Los
fantasmas de Goya***

<http://www.youtube.com/watch?v=28LjeBtj-48>



2. Para superar erros do pasado a Constitución reconece o dereito á liberdade ideolóxica e relixiosa. Ler o artigo correspondente:

Artigo 16

Liberdade ideolóxica e relixiosa

1. Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei.
2. Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
3. Ningunha confesión terá carácter estatal. Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as consecuentes relacións de cooperación coa Igrexa católica e as demais confesións.

3. A pesares de ter una Constitución democrática no noso país prodúcense situacións indesexables de falta de tolerancia. Mira este video sobre a intolerancia relixiosa.



Vídeo: Agresión Islamofascista a una mujer por no llevar el velo puesto en Ciudad Real

<http://www.youtube.com/watch?v=USmqJ3H0u04>



4. Relaciona a agresión deste video co que viches da Inquisición. É unha intolerancia similar? Que idea da relixión subxace nos dous videos?
5. O debate nun país laico e aconfesional como o noso suscita a miúdo polémicas, entre as máis recentes están a dos símbolos relixiosos nas escolas, ou nas tomas de posesión dos cargos públicos... Le estas dúas noticias da prensa:

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declara ilegal o crucifixo nas aulas

Estrasburgo / Roma,
Axencias

O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declarou onte a presenza dos crucifixos nas aulas «unha violación dos dereitos do

país a educar aos seus fillos segundo as súas conviccións» e de «a liberdade de relixión dos alumnos». A sentenza responde o recurso presentado por Soile Lautsi, unha cidadá italiana de orixe finlandesa, que en 2002 pedira ao instituto estatal italiano no que estudaban os seus dous fillos que quitase os crucifixos das clases.

La Nueva España (04/11/2009)

Esquerda Unida e ICV piden eliminar o crucifixo e a Biblia nos actos de acatamento da Constitución

As formacións queren erradicar do protocolo desta clase de cerimonia "todo tipo de simboloxía relixiosa" porque, argumentan, é o que corresponde nun "Estado aconfesional" como o español.

Público (07/11/2009)

<http://larepublica.es/firmas/blogs/index.php/ejdiez/2009/11/15/crucifijos-en-las-escuelas>

6. Video sobre a liberdade relixiosa que nos sitúa na realidade española, porque se ben se recoñece o dereito á liberdade relixiosa e de culto, segue a ser a igrexa católica a que conta con máis privilexios...



Vídeo: Libertad religiosa, cuestión de derechos

<http://www.youtube.com/watch?v=ArZbd4V2AgI>



7. Para saber máis sobre o laicismo na escola ler o seguinte texto redactado pola Confederación Española de Asociacións de Nais e País de Alumnado:

Por unha escola laica

Laicidad é o principio fundamental de democracia, de liberdade de conciencia, de pensamento e de inclusión social. É a base para a aceptación, en igualdade, de todas as ideas e crenzas. Supón o respecto absoluto entre crentes e non crentes.

Propón a autonomía de xuízo e proclama a independencia do Estado das Igrexas.

Concibir un Estado laico é fundamentar a lei sobre o que é común a todas as persoas, sen privilexios dunhas sobre outras. A laicidad é compartir a esfera pública entre todos, desde o punto de vista político, xurídico, simbólico e ético.

Valores dunha escola laica

A escola laica é a fundamentada sobre a sociedade civil, con independencia das relixións, por tanto é un modelo educativo sen dogmas e sen verdades absolutas e excluíntes, que educa ao alumnado en valores humanistas universais, na pluralidade e no respecto aos dereitos humanos, na asunción da diferenza e nos valores constitucionais, éticos, non sexistas e democráticos.

Por iso CEAPA propugna un modelo de escola pública e laica, onde non teñen cabida os adoctrinamentos, nin a simboloxía relixiosa de calquera signo e onde o feito relixioso, como parte

da historia e das corrientes filosóficas, é un máis entre todos os aspectos que nos axudan a conformar a nosa ética, como seres humanos.

As crenzas relixiosas forman parte do ámbito privado e da educación dos pais e nais, e, por tanto, o ensino confesional realízase á marxe do ensino obrigatorio, quedando fóra do currículo escolar. A formación relixiosa ten formar parte da contorna, coa opción íntima familiar e en cada unha das igrexas.


Dereitos dos pais e nais e do alumnado

Tanto o alumnado, como as familias, segundo a Constitución Española (27.3) teñen o “dereito a que os poderes públicos lles garantan que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral, que estea de acordo coas súas conviccións”. Pero ese principio afecta, por igual, ás familias de calquera crenza relixiosa ou humanista e ao non crentes.


A Constitución NON indica que a relixión deba ter carácter curricular, que teña que ser imposta, nin sequera indica que teña que impartirse nos Centros Educativos. A Constitución expresa, con claridade, o dereito, lexítimo, que teñen uns pais e uns adolescentes sobre as súas crenzas relixiosas, pero este dereito NON pode xerar unha OBRIGACIÓN a outros, sexan crentes ou non, como expresan, ademais, diversas sentenzas xudiciais españolas e internacionais, A Declaración Universal dos Dereitos Humanos, os Dereitos da Infancia e o SENTIDO COMÚN.

CEAPA

8. Xa houbo escolas laicas na época da república, mirar agora este video da historia galega

 **Vídeo: *Escolas sen dogma* (Historias de Galicia)**

<http://www.youtube.com/watch?v=9T5lcf4gVno>



9. Agora que xa tes moitos elementos de reflexión organiza un **debate** na túa aula. Facer grupos e buscar argumentos sobre se a relixión debe ou non impartirse na escola. O debate terá como título: A relixión na escola

Temporalización

3 horas

Modalidade

Individual

Grupal

Áreas implicadas

Titoría

Ciencias sociais

Historia

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Filosofía, Ética e Filosofía do dereito, Educación para a cidadanía, Ética e cidadanía :*Laicismo*

Ámbito Sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular), Filosofía e Ciencias Sociais: *As guerras relixiosas*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

3 Democracia e memoria histórica

Obxectivos

- Valorar as vantaxes que ten vivir nunha democracia.
- Distinguir ditaduras recentes en países do mundo e a loita por recuperar aos familiares.
- Coñecer algúns aspectos da nosa historia recente.
- Rescatar da memoria as atrocidades das ditaduras, para denuncialas e que non se volvan repetir.
- Coñecer movementos cidadáns en contra das ditaduras.


Desenvolvemento

1. Partimos de que temos un pasado histórico recente de democracia, pero antes vivimos unha ditadura que truncou o Estatuto de Autonomía do 36 e deixou no país unha falta total de liberdades. Recentemente outros países tamén sufriron ditaduras con miles de desaparecidos. Especialmente duras foron as de Arxentina e Chile. Nais, esposas, irmás...loitaron por atopar aos seus familiares. As *Nais da Praza de Maio* manifestándose un día por semana e as mulleres de Calama buscando, durante trinta anos, polo deserto, os cadáveres dos seus desaparecidos.



Vídeo: Madres de Plaza de Mayo

<http://www.youtube.com/watch?v=0Q16V2PCa3g>



Vídeo: Mujer de Calama Afeddep Calama dictadura Chile

<http://www.youtube.com/watch?v=Y6hG5m3BYhw>



2. Tamén as crianzas son vítimas inocentes das ditaduras. Miles de nenos e nenos foron roubados das súas familias no noso país. Pódese investigar sobre os nenos e nenas enviados a Rusia e outros países ao empezar a guerra civil e sobre o recente descubrimento dos que foron secuestrados da súa familia para dalos en adopción a outras afines ao réxime.

Nenos roubados, El País: <http://www.elpais.com/especial/vidas-robadas/>

Damas de blanco cubanas: <http://www.damasdeblanco.com/>

PODCAST: Los niños perdidos de franquismo.



Vídeo: Miles de niños secuestrados por la dictadura franquista en España

www.youtube.com/watch?v=CMbWBuDyyyl



3. A ditadura cortou a liberdade e as autonomías dos pobos de España. En Galicia quedou pendente de aprobación o Estatuto de Autonomía consensuado polos partidos políticos e votado afirmativamente por un 70% das galegas e galegos. Le o seguinte texto que explica esta circunstancia.

O estatuto do 36

O Estatuto de Galicia de 1936 foi o resultado do esforzo e ilusión de intelectuais xa míticos dentro da política galega. Naquel texto, ratificado masivamente polo pobo galego estaba a pegada de Castelao ou de Bóveda, entre outros moitos que soñaran un día con lograr para Galicia o tratamento que merecía. Pero algo tiña que fallar, e o que fallou foi a posta en marcha daquel texto que recoñecía a “nacionalidade histórica” que era a nosa terra. Unha Guerra Civil que daría como resultado a suspensión das institucións nadas da vontade popular durante case 4 décadas... E foi no 1936, co triunfo electoral da Fronte Popular, na que estaba integrado o Partido Galeguista, cando se acendeu a luz verde para a autonomía galega. Un dos elementos claves para a aprobación do Estatuto no referendo foi, sen dúbida, a importante campaña, levada a cabo por Castelao, Bóveda ou Seoane, que cos seus debuxos e mensaxes chegaron a todas as partes de Galicia. Xornais, radios, carteis e concentracións foron quentando o ambiente ata a chegada do mes de xullo.

A historia recoñece a importancia daquel 28 de xuño de 1936, cando o 74 por cento do censo electoral galego puña na urna a

papeleta co ‘sí’. É dicir, 993.351 galegos dos 1.343.135 votantes, estaban de acordo en que Galicia tivera un texto estatutario propio dunha “nacionalidade histórica”. Pero faltaba un último trámite, a aprobación dese Estatuto nas Cortes. O texto foille entregado a Manuel Azaña, presidente da República, o 15 de xullo, pero todo quedou truncado só tres días despois, o 18 de xullo de 1936.

O estalido da Guerra Civil deixou en suspenso a vontade do pobo galego expresada co si ó Estatuto. Habería que esperar ata novembro de 1945 cando, simbólicamente en México, o Estatuto foi aprobado. Oficialmente, esa aprobación tivo que esperar ata o fin da Ditadura.

4. A represión que seguiu á guerra foi brutal. Aínda quedan por investigar moitas desaparicións. Así como en outros países puideron desenterrar as vítimas da represión relativamente pronto, no noso país hai numerosos atrancos para facelo. O documental *Flores Tristes* (Premio Mestre Mateo 2009) explica o que ocorreu en Galicia e recupera así parte da memoria histórica do noso país.



Peícula: *Flores tristes* de Manuel Abad

Premio Mestre Mateo 2009

<http://www.florestristes.com>



5. Responde a este cuestionario:

- Pareceche necesario recuperar a memoria histórica? Por que?
- Por que é interesante coñecer a historia?
- Que grandes intelectuais galegos participaron activamente no Estatuto do 36?
- Cales foron os logros da nais e avoas da Praza de Mayo? E o das mulleres de Calama?
- Por que loitan as “Damas de Blanco cubanas”?
- Investiga como xestaron estes movementos pacíficos e que resultados obtiveron.
- Nós poderíamos facer algo para investigar a nosa historia? Que?
- Sabes como se chama a lei que investiga o noso pasado recente?
- Quedan en España vítimas da represión franquista sen desenterrar, sen que a súa familia saiban onde están?
- Por que crees que é tan polémico este tema?

6. Organizar unha visita guiada á Illa de San Simón para visitar o Museo da Memoria Histórica que alí hai. Previamente podes ver o vídeo *Aillados*



Vídeo: *Aillados*

<http://www.youtube.com/watch?v=U3--QfGzflQ&feature=related>

Temporalización

4 horas

Modalidade

Individual

Grupal

Áreas implicadas

Titoría

CC. SS, Historia

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), filosofía e ciencias sociais: *Dictaduras e democracias*.

Filosofía, ética e filosofía do dereito, educación para a cidadanía, ética e cidadanía: *A memoria histórica*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Competencia matemática.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Para rematar



**Vídeo: *Acto en Banania*
de Les Luthiers**

<http://www.youtube.com/watch?v=VtMEIC47jyc>



